

Repaso exame: GALEGO I

1. Completa co verbo entre parénteses:

- a. Lola (TER) dous gatos. (CHAMARSE) Pompón e Lúa.
- b. O meu pai sempre (LER) o xornal e a miña nai (ESCOITAR) a radio.
- c. (GUSTAR, a vós) ir ao cine? Eu (VER) moitos filmes.
- d. Hoxe (CHOVER) así que non (IR) ir a clase.
- e. A Elisa (GUSTAR) as viaxes e as exposicións de arte.
- f. Aos brasileiros (ENCANTAR) o fútbol pero eu non o (ATURAR).
- g. Nós (ERGUERSE) moi cedo pero eles (DURMIR) ata tarde.
- h. Aos meus amigos (GUSTAR) os deportes de aventura.
- i. (MAQUILLARSE, ti) todos os días? Eu non (TER) tanto tempo.

2. Realiza as contraccións que sexan necesarios:

- a. Marta é veciña de un amigo de Paula. Viven en o mesmo edificio.
- b. Camiño por o parque todos os días con a miña cadela.
- c. En as tardes de verán a Pedro gústalle ir a o mar con o seu pai.
- d. Os sábados vou con unha amiga a a exposición de fotografía que hai en a universidade.

3. Identifica o complemento directo e substitúeo polo pronome átono:

- a. Xoán come filloas no Entroido.
- b. Como preparas esta receita?
- c. A miña nai non merca peixe na praza.
- d. Comen os alumnos castañas no Magosto?

4. Pon tiles neste texto:

John e un estudante inglés que vive na rua Rosalía de Castro en Vigo. Gustalle a fotografía e o piano. Practica todos os días. O verán pasado viaxou a Xapon para asistir a unha exposición. Ali coñeceu a unha moza francesa. Chamase Marie e estuda Bioloxía. Este ano casaron e tiveron dúas fillas. Agora viven en Galicia.

5. Explica cales son as regras básicas de formación de plural en galego e pon exemplos de cada unha: